

MÁSTER UNIVERSITARIO EN FILOSOFÍA. CONOCIMIENTO
Y CIUDADANÍA

GUÍA DOCENTE | 2025-26

TEORÍAS E PROCESAMIENTO DA INFORMACIÓN

1. INFORMACIÓN BÁSICA

DESCRIPCIÓN

A materia ten o código P5251202. É unha asignatura obrigatoria do Itinerario “Coñecemento e comprensión do mundo” do Mestrado Oficial en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía.

Conta cunha carga de tres créditos ECTS, desagregados segundo o Plan Docente Anual en 21 horas de clases (9 horas expositivas e 12 horas interactivas), 3 horas de titorías de grupo e 52 horas de traballo persoal do/a estudante, incluíndo lecturas, estudo e realización de tarefas.

A docencia impártese na Facultade de Filosofía, Praza de Mazarelos s/n, e depende do Departamento de Filosofía e Antropoloxía (Área de Lóxica e Filosofía da Ciencia).

No que respecta ao seu contido, neste curso estúdanse diferentes concepcións da información e os aspectos relacionados co razoamento lóxico entendido como procesamento da información.

PRERREQUISITOS

Non require necesariamente dispor de formación previa, aínda que ter cursado o Grao en Filosofía facilita o seguimento, moi especialmente ter cursado materias de Argumentación, Lóxica e de Semiótica.

IMPARTICIÓN

A materia será impartida en lingua galega e a docencia corre a cargo do persoal docente da área de Lóxica e Filosofía da Ciencia.

De haber estudantes que, por proceder de fóra do territorio galego, teñan dificultades coa lingua, recibirán todas as explicacións adicionais necesarias para unha comprensión axeitada dos contidos durante o horario de titorías.

TITORÍAS

O horario de titorías determínase ao inicio de cada semestre, publícase na porta do despacho e tamén pode consultarse na páxina web da materia. Poderanse formular consultas ou concertar unha cita a través do correo electrónico do profesorado.

Serán 6 horas semanais, realizadas de maneira presencial, no despacho.

Organizaranse titorías de grupo en función das necesidades para aclarar aspectos relacionados coa materia

2. SITUACIÓN DA MATERIA NA TITULACIÓN

BLOCO FORMATIVO NO QUE SE INTEGRA A MATERIA

A materia Teorías e Procesamento da Información intégrase como materia obrigatoria no itinerario (módulo II do máster) Coñecemento e Comprensión do Mundo, completando un bloque de materias coas que se procura abordar problemas actuais relacionados co noso mundo: como recollemos información dese contorno e como emitimos información que repercute nel, que tipos de coñecementos obtemos del —especialmente a través da ciencia e das humanidades—, e como, e con que repercusións, o modificamos cos desenvolvementos tecnolóxicos.

Con esta materia preténdese:

- A análise dos distintos significados do termo “información”.
- O estudo das teorías contemporáneas lóxico-semánticas da información máis importantes nos ámbitos científicos e humanísticos.
- A comprensión do fenómeno do razoamento lóxico humano entendido como procesamento da información.

PAPEL DA MATERIA DENTRO DO BLOCO

O Máster procura conciliar un amplo abano de problemáticas do noso tempo nas que se requiren permanentemente solucións ante un contorno que, nas súas diferentes facetas, é cambiante. Nese marco, a materia Teorías e Procesamento da Información constitúe unha das materias obrigatorias do itinerario Coñecemento e Comprensión do Mundo.

Con esta materia preténdese que o/a estudante coñeza algunhas das concepcións da información máis destacadas nos ámbitos científicos e filosóficos, así como aqueles aspectos relacionados coa súa obtención e procesamento mediante o razoamento. Concédese unha atención especial aos problemas de insuficiencia de información e de redundancia de información, así como ao estudo dalgunhas falacias de razoamento significativas, como o contrabando de premisas nun contexto de razoamento deductivo.

Ademais, a materia sitúase tamén no contexto das reflexións contemporáneas sobre a epistemoloxía da información, que analiza como se xera, valida e transmite o coñecemento informacional; a ontoloxía da información, que se interroga sobre o estatuto da información como realidade fundamental e a súa relación co ser; e os debates arredor da verdade, a xustiza e o poder informacional, que examinan as implicacións éticas e políticas da circulación e control da información nun mundo crecente-mente dixitalizado. Estes eixos permiten comprender mellor o papel da información como principio estruturador do coñecemento, da sociedade e da tecnoloxía actuais.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

COMPETENCIAS BÁSICAS E XERAIS

CX1) Adquirir habilidades e coñecementos para a análise crítica respecto das contribucións de investigación.

CX2) Aplicar os coñecementos adquiridos para identificar, formular e resolver problemas do noso tempo.

CX3) Capacidade para transmitir coñecementos, ideas orixinais e solucións propostas.

CX4) Adestramento para desenvolver unha actitude proactiva, reflexión dinámica e creativa na procura de solucións.

CX5) Desenvolver habilidades para recoñecer, nos diversos coñecementos e na práctica social, cuestións e problemas que poidan ser abordados e resoltos.

CB1) Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.

CB2) Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.

CB3) Capacidade para integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.

CB4) Capacidade para comunicar as propias conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.

CB5) Os e as estudantes deben posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que deberá ser, en gran medida, autodirixido ou autónomo.

A materia no seu conxunto, coas diversas actividades que a integran (sesións expositivas, sesións interactivas, lecturas obrigatorias, realización de tarefas e elaboración dun breve traballo escrito), contribúe á adquisición das competencias básicas e xerais. A avaliación global da materia é indicio da consecución destas competencias xerais e básicas.

COMPETENCIAS DE TIPO ESPECÍFICO

CE1) Coñecer e comprender os enfoques filosóficos relacionados cos ámbitos temáticos do máster.

O seguimento da materia e a resposta aos cuestionarios previstos contribuirán á adquisición da competencia **CE1**. A avaliación correspondente basearase nas correccións deses cuestionarios.

CE2) Desenvolver destrezas que permitan trasladar os coñecementos adquiridos ao ámbito da investigación.

A realización do traballo escrito está prevista co obxectivo de iniciar o alumnado nas tarefas investigadoras de índole filosófica, que contribúen á competencia **CE2**. A avaliación deste traballo incluírá a consideración de aspectos formais propios dun traballo de investigación.

CE3) Adquirir habilidades para a transmisión e ensinanza de contidos filosóficos relacionados cos ámbitos temáticos do máster.

CE4) Saber aplicar os coñecementos adquiridos na resolución de novos problemas.

CE5) Ser capaz de analizar e sintetizar, argumentar lóxicamente, formular xuízos e deliberar conforme a criterios éticos.

CE6) Saber expresarse oralmente e por escrito, comunicar, debater e deliberar.

Diversas actividades que integran a materia (como as sesións interactivas, a realización de tarefas e a elaboración dun breve traballo escrito) contribúen á adquisición das competencias **CE3**, **CE4**, **CE5** e **CE6**.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

CT1) Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación. O uso da Aula Virtual da USC para manexar e traballar cos materiais facilitados para o seguimento e traballo da materia, así como para responder aos cuestionarios postos á disposición, contribúe á adquisición desta competencia transversal. O seguimento dese traballo permitirá avaliar a adquisición da competencia **CT1**.

CT2) Manexar e analizar criticamente fontes de documentación científica, bibliográfica e dixital.

A busca de información e o manexo de bibliografía en liña serán ferramentas de traballo habituais á hora de realizar as tarefas do curso.

CT3) Valorar de forma crítica a información para a resolución de problemas. O traballo sobre textos de lectura obrigatoria, así como as consultas para a realización dun traballo escrito sobre algún problema relacionado co curso, contribuirán á adquisición das competencias **CT2** e **CT3**. A avaliación da adquisición destas competencias farase a partir da corrección dos cuestionarios e do mencionado traballo escrito.

CT4) Promover o respecto aos dereitos humanos e á diversidade cultural e das persoas, así como desenvolver valores contra as desigualdades de xénero.

Os debates nas sesións de docencia interactiva e nas titorías de grupo contribuirán á adquisición da competencia **CT4**.

4. CONTIDOS

Nesta materia tómase en consideración a pregunta pola natureza da información, pola súa obtención e polo seu procesamento mediante o razoamento co fin de acadar unha toma de decisións eficiente. Para iso examínanse algunhas das propostas centrais da lóxica e da semántica contemporáneas.

1. Limiar da teoría matemática e semántica da información: da mensaxe ao sentido

A teoría matemática da información como marco comunicativo

A semántica da información: Bar-Hillel, Carnap e a súa crítica

Información como feito (Dretske) e como contido semántico (Floridi)

Problemas de relevancia, verdade e valor epistémico

2. O coñecemento en condicións informacionais: epistemoloxía da información

Información e coñecemento: conexións e distancias

Incerteza, ruído e fragmentación informacional

A infraestrutura do saber: arquivos, plataformas e opacidades

O problema da autoridade epistémica en contextos dixitais

3. ontoloxía e materialidade informacional

Axencias distribuídas e híbridas: humanos, máquinas e artefactos

A materialidade da información: codificación, almacenamento, trazabilidade

Ontoloxías locais e prácticas epistémicas situadas

4. Tecnoloxías do razoamento: lóxica, computación e intelixencia artificial

Modelos formais do razoamento e lóxicas computacionais

Aprendizaxe automática, inferencia automatizada e racionalidade técnica

Explicabilidade, interpretabilidade e opacidade en sistemas algorítmicos

A reconfiguración do suxeito epistémico na era da IA

5. Verdade, poder e xustiza informacional

Gobernanza da información e infraestruturas do saber

Fake news, *misinformation* e epistemoloxía da desinformación

Expropiación de voz e inxustiza epistémica: raza, xénero e IA

Pluralismo epistémico e tecnoloxías para a democracia do coñecemento

5. METODOLOXÍA DA DOCENCIA

TRABALLO PRESENCIAL NAS AULAS

A materia desenvolverase a través de diversas metodoloxías activas que combinen a exposición de contidos fundamentais coa participación do alumnado. As sesións dividiranse entre clases expositivas e clases interactivas.

- **Clases expositivas:** nas que se presentarán os conceptos clave, autores e debates fundamentais de cada unidade temática. Estas sesións combinarán explicacións teóricas coa análise de exemplos representativos e a contextualización histórica e filosófica das propostas estudadas.
- **Clases interactivas:** centraranse na lectura e discusión de textos seleccionados da bibliografía básica. Estas sesións adoptarán un formato de seminario, no que o alumnado terá un papel activo na identificación dos argumentos principais, formulación de preguntas e debate colectivo. Promoverase a reflexión crítica e o diálogo filosófico en grupo.

Durante o curso desenvolveranse tamén actividades específicas como:

- a elaboración de cuestionarios de comprensión e análise crítica sobre os contidos do curso;
- traballos breves de reflexión que relacionen os temas abordados con problemas contemporáneos;
- e a preparación dun ensaio final sobre unha cuestión filosófica elixida de acordo co profesorado.

As titorías de grupo permitirán acompañar o proceso de elaboración do ensaio e resolver dúbidas sobre os contidos e os textos traballados.

O curso integrarase na Aula Virtual da USC, onde se facilitarán materiais de lectura, enunciados das tarefas, cuestionarios e espazos de foro para o intercambio de ideas e preguntas. O uso continuado da plataforma será esencial para o seguimento da materia.

TRABALLO AUTÓNOMO DA/O ALUMNA/O

O traballo autónomo do alumnado constituirá unha parte esencial do proceso de aprendizaxe nesta materia, complementando o labor realizado nas sesións expositivas e interactivas. Agárdase que o estudantado asuma un papel activo e constante na lectura e análise dos textos propostos, na preparación das sesións de debate e na elaboración das tarefas e traballos escritos. O estudo individual servirá para consolidar os coñecementos teóricos presentados nas clases, profundar nos conceptos clave e establecer conexións críticas entre as distintas correntes filosóficas e os problemas contemporáneos relacionados coa información, o coñecemento e o razoamento.

Así mesmo, o traballo autónomo incluírá a realización dos cuestionarios de comprensión, a redacción de comentarios e reflexións breves sobre lecturas obrigatorias e a preparación do ensaio final, no que o alumnado deberá aplicar as ferramentas conceptuais e metodolóxicas adquiridas ao longo do curso. O seguimento regular das actividades na Aula Virtual da USC, a organización persoal do tempo e o compromiso co diálogo académico serán elementos fundamentais para o aproveitamento da materia e o desenvolvemento das competencias propias do itinerario de *Coñecemento e Comprensión do Mundo*.

REQUERIMENTOS PARA AS AULAS

As sesións desenvolveranse nunha aula dotada de medios audiovisuais básicos (proxector, ordenador e conexión a internet) que permitan o apoio visual das explicacións e o acceso a recursos dixitais complementarios.

O alumnado deberá asistir ás clases coas lecturas realizadas e cos materiais indicados polo profesorado, xa que a participación activa e informada é fundamental para o bo desenvolvemento das sesións. Non se permitirá o uso de dispositivos electrónicos (portátiles, móbiles, tabletas, etc.) durante as clases, agás por indicación expresa do/da docente.

TITORÍAS DE GRUPO

As titorías de grupo terán como obxectivo acompañar o alumnado no proceso de aprendizaxe, resolver dúbidas sobre os contidos tratados nas sesións e orientar o desenvolvemento do ensaio final. Estes encontros permitirán afondar en cuestións específicas, compartir avances e fomentar o intercambio crítico de ideas nun ambiente participativo e cooperativo.

6. AVALIACIÓN

A avaliación da materia contempla distintos escenarios segundo a situación académica do/a estudante. A modalidade ordinaria será a avaliación continua, que require asistencia regular. Tamén se contempla unha avaliación única, así como modalidades específicas para alumnado con dispensa académica e para estudantes de matrícula sucesiva.

DIMENSIONES DA AVALIACIÓN

(i) Avaliación continua

Para optar pola avaliación continua é obrigatoria a asistencia ao 80% das sesións presenciais. Esta modalidade inclúe os seguintes elementos:

- Ensaio filosófico individual (50%):

O alumnado deberá entregar un ensaio filosófico sobre algún dos contidos da materia, cunha extensión máxima de 2.500 palabras. O tema será acordado co profesor, quen fará un seguimento do traballo a través das titorías.

- Cuestionarios de lectura (30%):

Realización de cuestionarios sobre os textos obrigatorios traballados nas sesións interactivas. Avaliarase a comprensión dos conceptos, a capacidade analítica e a expresión filosófica.

- Exercicios prácticos (20%):

Ao longo do curso propóranse breves exercicios de reflexión, análise conceptual ou aplicación crítica dos contidos, que deberán entregarse segundo o calendario marcado polo profesor.

(ii) Avaliación única, por elección do alumnado ou perda da avaliación continua

A avaliación única consistirá nun exame final escrito que terá lugar na data oficial fixada pola facultade. Este exame avaliará o conxunto dos contidos teóricos e prácticos da materia e suporá o 100% da cualificación final.

(iii) Alumnado con dispensa académica de asistencia a clase

O estudantado que conte con dispensa oficial de asistencia deberá poñerse en contacto co profesor durante as dúas primeiras semanas do curso para establecer un plan individualizado de seguimento da materia. O sistema de avaliación será o seguinte:

- Exame final na data oficial (70%)
- Entrega de portfolio de tarefas e exercicios (30%), segundo o calendario acordado co profesor.

(iv) Estudantes de matrícula sucesiva

O alumnado que se matricule por segunda ou posteriores veces deberá contactar co profesor nas dúas primeiras semanas do curso para indicar se prevé asistir ou non ás sesións.

- Se confirma a súa asistencia, aplicarase o mesmo sistema de avaliación continua que ao resto do alumnado.
- Se non prevé asistir, aplicarase o seguinte sistema:
 - Exame final (70%)

- Entrega de tarefas e exercicios acordados (30%)

A falta de contacto durante as dúas primeiras semanas considerarase como intención de seguir a avaliación continua con asistencia regular ás clases.

EXAME FINAL

O exame final está destinado ao alumnado que non opte pola avaliación continua, a perda durante o curso, así como ao estudantado con dispensa académica de asistencia e aos estudantes de matrícula sucesiva que non asistan ás sesións presenciais.

Este exame realizarase na data oficial fixada pola Facultade e avaliará o conxunto dos contidos teóricos e prácticos da materia, incluíndo a comprensión conceptual, a capacidade analítica e a aplicación crítica dos coñecementos adquiridos. A proba poderá combinar preguntas de desenvolvemento, exercicios de análise e comentarios de texto.

O peso do exame final na avaliación corresponderá ao escenario particular de aprendizaxe que afecte a cada estudante, segundo o indicado nos apartados anteriores.

ESTUDANTES CON DISPENSA DE ASISTENCIA A CLASE

O estudantado que conte con dispensa oficial de asistencia deberá poñerse en contacto co profesor durante as dúas primeiras semanas do curso para establecer un plan individualizado de seguimento da materia. O sistema de avaliación será o seguinte:

- Exame final na data oficial (70%)
- Entrega de portfolio de tarefas e exercicios (30%), segundo o calendario acordado co profesor.

TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

O tempo de traballo estimado para esta materia en correspondencia cos 3 créditos que ten é de 75 horas

- Horas presenciais semanais: 3 horas (9 horas de docencia expositiva e 12 horas docencia interactiva) no segundo bimestre do curso. Aproximadamente, 24 horas no conxunto do semestre. Incluindo 3 horas de titorías.
- Horas non presenciais semanais, recomendadas para o traballo con textos: 1,5 horas. Aproximadamente, 21 horas no semestre.
- Horas de estudo semanais (para alén das non presenciais): 2 horas semanais. Aproximadamente, 30 horas no semestre.

RECOMENDACIONES PARA SUPERAR A MATERIA

7. BIBLIOGRAFÍA

Tema 1

Shannon, C. E. (1948). *A Mathematical Theory of Communication*. *Bell System Technical Journal*, 27, 379–423, 623–656.

Dretske, F. (1981). *Knowledge and the Flow of Information*. Oxford: Blackwell.

Tema 2

Floridi, L. (2011). *The Philosophy of Information*. Oxford University Press.

Kitchin, R. (2014). *The Data Revolution: Big Data, Open Data, Data Infrastructures and Their Consequences*. Sage.

Tema 3

Bowker, G. C., & Star, S. L. (1999). *Sorting Things Out: Classification and Its Consequences*. MIT Press.

Chalmers, D. J. (2022). *Reality+: Virtual Worlds and the Problems of Philosophy*. W. W. Norton.

Tema 4

Devlin, K. (1991). *Logic and Information*. Cambridge University Press.

Mittelstadt, B., et al. (2016). “The Ethics of Algorithms: Mapping the Debate.” *Big Data & Society*, 3(2).

Tema 5

Fricker, M. (2007). *Epistemic Injustice: Power and the Ethics of Knowing*. Oxford University Press.

O’Neil, C. (2016). *Weapons of Math Destruction: How Big Data Increases Inequality and Threatens Democracy*. Crown.

Bibliografía complementaria

Bar-Hillel, E. (1964). *Language and Information. Selected essays on their theory and application*. Addison-Wesley.

Barwise, J., & Etchemendy, J. (1990). “Information, Infons and Inference.” In *Situation Theory and Its Applications*, ed. R. Cooper et al., CSLI Publications, 33–78.

Barwise, J., & Perry, J. (1983). *Situations and Attitudes*. MIT Press.

Bowker, G. C., & Star, S. L. (1999). *Sorting Things Out: Classification and Its Consequences*. MIT Press.

Carnap, R., & Bar-Hillel, E. (1952). “An Outline of a Theory of Semantic Information.” In *Language and Information* (1964), 221–274.

Chalmers, D. J. (2022). *Reality+: Virtual Worlds and the Problems of Philosophy*. W. W. Norton.

Cooper, R., Mukai, K., & Perry, J. (eds.). (1990). *Situation Theory and Its Applications*. CSLI Publications.

Corcoran, J. (1999). "Information-theoretic logic and transformation-theoretic logic." In Ram, M. (ed.), *Fragments of Science*, World Scientific, 25–35.

Corcoran, J. (2007). "Information-theoretic properties of truth-functional connectives." *The Bulletin of Symbolic Logic*, 13(3), 405.

Devlin, K. (1991). *Logic and Information*. Cambridge University Press.

Floridi, L. (2004). "Information." In *The Blackwell Guide to the Philosophy of Computing and Information*, Blackwell, 40–62.

Floridi, L. (2007). "Semantic Conceptions of Information." In *The Stanford Encyclopedia of Philosophy* (Spring 2007 Edition), ed. E. N. Zalta.

Floridi, L. (2009). "Philosophical Conceptions of Information." In G. Sommaruga (ed.), *Formal Theories of Information*, Springer, 13–53.

Floridi, L. (Ed.). (2016). *The Routledge Handbook of Philosophy of Information*. Routledge.

Fricker, M. (2007). *Epistemic Injustice: Power and the Ethics of Knowing*. Oxford University Press.

Israel, D., & Perry, J. (1991). "What is information?" Report n° CSLI-91-145.

Jané, I. (2006). "What is Tarski's Common Concept of Logical Consequence?" *The Bulletin of Symbolic Logic*, 12(1), 1–42.

Kitchin, R. (2014). *The Data Revolution: Big Data, Open Data, Data Infrastructures and Their Consequences*. Sage.

Mittelstadt, B. et al. (2016). "The Ethics of Algorithms: Mapping the Debate." *Big Data & Society*, 3(2).

O'Neil, C. (2016). *Weapons of Math Destruction: How Big Data Increases Inequality and Threatens Democracy*. Crown Publishing.

Pérez-Montoro Gutiérrez, M. (2000). *El fenómeno de la información. Una aproximación conceptual al flujo informativo*. Trotta.

Ram, M. (ed.). (1999). *Fragments of Science: Proceedings of the Mendel Sachs Symposium*. World Scientific.

Sagüillo, J. M. (1997). "Logical consequence revisited." *The Bulletin of Symbolic Logic*, 3, 216–241.

Sagüillo, J. M. (2000). "Domains of sciences, universes of discourse and omega arguments." *History and Philosophy of Logic*, 20, 267–290.

Sagüillo, J. M. (2002). "Conceptions of logical implication." *Logica Trianguli*, 6, 41–67.

Sagüillo, J. M. (2008). *O Pensamento Lógico-Matemático. Elementos de heurística e apodíctica demostrativa*. Akal.

Scanlan, M., & Shapiro, S. (2000). "The Work of John Corcoran: An Appreciation." *History and Philosophy of Logic*, 20, 149–158.

Tarski, A. (1936). "On the Concept of Logical Consequence." In *Logic, Semantics, Metamathematics* (1983), 409–420.

Tarski, A. (1941/1994). *Introduction to Logic*. Oxford University Press.

Tarski, A. (1983). *Logic, Semantics, Metamathematics*. 2nd ed. Ed. J. Corcoran. Hackett.

Tarski, A. (1986). "What are Logical Notions?" *History and Philosophy of Logic*, 17, 143–154.

8. OBSERVACIÓNS

O uso da conta institucional da USC (rai.usc) é obrigatorio para acceder aos servizos universitarios (Campus Virtual, Teams, Secretaría Virtual, etc.). Non se atenderán comunicacións enviadas desde contas de correo externas á USC.

O emprego de dispositivos electrónicos (teléfono móbil, ordenador, tableta ou similares) nas sesións docentes só estará permitido como ferramenta de traballo, segundo as indicacións do profesorado. O alumnado será responsable das consecuencias legais e académicas derivadas dun uso inapropiado.

O estudantado deberá respectar a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Os materiais elaborados polo profesorado están protexidos pola lexislación sobre propiedade intelectual e dereitos de autor, polo que non se poden divulgar nin facer accesibles a terceiros sen autorización expresa.

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas, aplicarase o establecido na *Normativa de avaliación do rendemento académico do estudantado e de revisión de cualificacións* da USC.

A materia intégrase nunha perspectiva de xénero coherente coas recomendacións institucionais. Recoméndase o uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista tanto no traballo habitual de aula como nos traballos escritos.

O estudantado con necesidades específicas de apoio educativo e/ou discapacidade deberá contactar co *Servizo de Participación e Inclusión Universitaria (SEPIU)* e enviar a solicitude de adaptacións a través do formulario dispoñible na web do SEPIU ou na

Secretaría Virtual do alumnado. Para máis información:
sepiu.santiago@usc.gal
881 812 859 / 881 812 858